

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/3	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	30 de xaneiro de 2025
Duración	Dende as 12:50 ata as 13:27 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 17.01.2025	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 17 de	

xaneiro de 2025.

Expediente 173/2025. Solicitud de Prestación de Servicios Sociales

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 28 de xaneiro, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade derivada dunha causa sobrevida.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pagamento dunha factura de clases de apoio escolar para os menores da unidade convivencial.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Dona M^a Carmen Castro, con DNI ***847W, correspondo coa factura número 2, por un importe de 110 €.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 172/2025. PRELACIÓN EXPEDIENTES DEPARTAMENTO URBANISMO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Departamento de Urbanismo do Concello de Silleda xestiona un número crecente de expedientes administrativos, derivado, en gran medida, da recente aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) hai un ano. A entrada en vigor deste instrumento de ordenación urbanística está a xerar un incremento significativo de solicitudes de licenzas e outros procedementos urbanísticos, obrigando a unha reorganización interna do departamento para garantir unha xestión eficaz, áxil e conforme aos principios de boa administración.

O artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, atribúe á alcaldía a dirección da administración municipal e a adopción das disposicións necesarias para a mellor organización dos servizos municipais.

Así mesmo, o artigo 103 da Constitución Española establece que a Administración debe servir con obxectividade os intereses xerais e actuar con sometemento pleno á lei e ao dereito, garantindo os principios de eficacia e eficiencia na súa actuación. De igual modo, o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, recolle os principios de boa administración, celeridade e eficacia na tramitación dos procedementos administrativos.

En atención a estes principios, considérase necesario establecer criterios organizativos para a tramitación dos expedientes urbanísticos, mantendo a orde de prelación ordinaria conforme ao principio de rexistro de entrada, pero introducindo unha gradación de prioridades que atenda ao interese xeral e á optimización dos recursos administrativos municipais.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas por esta Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Establecer os seguintes criterios de prelación para a tramitación dos expedientes do Departamento de Urbanismo, de forma que, dentro de cada categoría, se respecte, ademais, a orde cronolóxica de entrada dos expedientes:

a) Expedientes vinculados a subvencións públicas:

Inclúense aqueles cuxa resolución dentro do prazo establecido sexa imprescindible para a concesión, xustificación ou execución de axudas públicas, tanto de ámbito municipal como autonómico, estatal ou europeo.

b) Expedientes relativos á construción de edificacións destinadas a actividades industriais ou gandeiras:

Inclúense os proxectos cuxa execución contribúa ao desenvolvemento da actividade económica e á xeración de emprego no termo municipal.

c) Expedientes de construción de vivendas unifamiliares:

Tendo en conta o impacto social e demográfico deste tipo de expedientes, especialmente no ámbito rural, daráselles prioridade unha vez atendidos os anteriores.

d) Resto de expedientes urbanísticos:

O incremento da carga de traballo derivado da aprobación do PXOM non debe supoñer unha paralización dos expedientes que non se encadren nas categorías anteriores, polo que se reforzará a capacidade operativa do departamento para garantir a súa tramitación no menor prazo posible, respectando a orde de entrada no Rexistro

SEGUNDO: Instruase ao Departamento de Urbanismo para que adopte as medidas organizativas necesarias para a aplicación destes criterios, garantindo o cumprimento dos principios de legalidade, obxectividade e transparencia na tramitación dos expedientes.

TERCEIRO: Notifíquese o presente acordo ao Departamento de Urbanismo e á Secretaría Xeral do Concello para os efectos oportunos, incorporándose aos procedementos administrativos aplicables e dándolle a publicidade interna correspondente.

Expediente 629/2024. Licenza ou Autorización Urbanística ELENA CUIÑA**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento**ANTECEDENTES:**

1º.- Consta no expediente 629/2024 a solicitude de licenza urbanística; incoada por ELENA CUIÑA PEREZ, para a “REHABILITACIÓN DE VIVIENDA UNIFAMILIAR”, na Rúa Progreso, nº 28, Silleda (Pontevedra)”, aportando a seguinte documentación con nº de entrada no Rexistro de este concello 2024-E-RE-538, en data 10/04/2024:

- Un modelo de representación de Dona Elena Cuiña Perez, con DNI ****172B, autorizando a Dona Natalia Campos Ferro, con DNI ****1075Y, arquitecta colexiada con nº 4382 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, asinado o 02 de abril de 2024.

- Anteproxecto de “Rehabilitación de vivenda unifamiliar” asinado por Dona Natalia Campos Ferro (arquitecta colexiada con nº 4382 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia) con data “decembro de 2023”

2º.- Consta no expediente achega de documentos, aportando a seguinte documentación con nº de entrada no Rexistro de este concello 2025-E-RE-30, en data 09/01/2025:

- Modelo oficial de Solicitude de Licenza de obra (modelo URB02)

- Modelo oficial de autoliquidación de Licenza de obra (modelo F02)

- Xustificante de transferencia bancaria do pagamento dá liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras (ICIO) e taxa.

- Proxecto básico de “Rehabilitación de vivenda unifamiliar” asinado por Dona Natalia Campos Ferro (arquitecta colexiada nº 4382 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia) con data “xullo de 2024”, e data de sinatura dixital 11/10/2024. No contido do proxecto consta “Certificado de Colexiación” do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para Dona Natalia Campos Ferro, certificado con código de Verificación electrónica (CVE) CC853904EF10, de data 29 de abril de 2024.

- Certificado de conformidade de instalación, establecemento, actividade ou obra redactado por Enmacosa consultoría técnica, S.A., como Entidade de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio das funcións administrativas de verificación e control no ámbito urbanístico, acreditada por ENAC con acreditación nº70/EI543, de conformidade co Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, para a tramitación de comunicación previa, declaración responsable ou licenza de obra e actividade referenciada. Documento asinado dixitalmente por D. Juan Antonio Alfonso Ouviaña na data 16/10/2024.

- Oficio de dirección de obra para a “Rehabilitación de vivenda unifamiliar” na rúa do Progreso nº 28, 36540 Silleda, Pontevedra, asinado por D. Luis Fernández Fernández, arquitecto Colexiado con nº 4151 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e visado nº 2500021,3 en data 07.01.2025.

- Dirección de execución e coordinación de Seguridade para a “Rehabilitación de vivenda unifamiliar” na rúa Progreso, 28, 36540 Silleda, Pontevedra, designando o arquitecto técnico D. Carlos Durán Estévez. Comunicación con visado nº E24003852, con data 30/12/2024, do “Colegio Oficial de la Arquitectura Técnica de Pontevedra”.

3º.- Consta no expediente achega de documentos, aportando a seguinte documentación con nº de entrada no Rexistro de este concello 2025-E-RE-31, en data 09/01/2025:

Escrito solicitando: “Que a partir deste data, quedan ANULADAS todas as anteriores representacións concedidas por min a terceiras persoas para recibir e/ou presentar no meu nome calquera comunicación relativa ao dito expediente. Por elo, calquera comunicación deberá ser enviada directamente a min a través dos meus datos de contacto facilitados no expediente.”

VISTO o Certificado de conformidade de instalación, establecemento, actividade ou obra redactado por Enmacosa consultoría técnica, S.A., como Entidade de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio das funcións administrativas de verificación e control no ámbito urbanístico, acreditada por ENAC con acreditación nº 70/EI543, de conformidade co Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, para a tramitación de comunicación previa, declaración responsable ou licenza da actividade referenciada.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a ELENA CUIÑA PEREZ licenza de obra para a “REHABILITACIÓN DE VIVIENDA UNIFAMILIAR”, na Rúa Progreso, nº 28, Silleda (Pontevedra).

SEGUNDO.- O inicio das obras autorizadas esixirá a presentación dunha comunicación previa, acompañada do correspondente proxecto de execución e da documentación complementaria que proceda.

Coa devandita comunicación previa anexarase, ademais, un documento asinado pola persoa técnica que redactase o proxecto de execución, onde sinala que este se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións substanciais. Se o proxecto de execución modifica de forma substancial o proxecto básico autorizado, a persoa interesada deberá solicitar previamente a modificación da licenza outorgada coa documentación esixida, e non poderá iniciar a obra en tanto non a obteña.

Para estes efectos, terán a consideración de modificacións substanciais do proxecto básico os

cambios de uso, así como aquelas que afecten as condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela, a edificabilidade, as alturas, os retranqueos e a separación a linde, o número de vivendas, as condicións de seguridade e outras de análoga incidencia.

TERCEIRO.- O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de terminación de tres (3) anos, desde a data do outorgamento de licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis (6) meses, segundo establece o artigo 145 da L 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. O Concello poderá conceder prórrogas dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

CUARTO.- A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal previo procedemento con audiencia ao interesado.

QUINTO. - As licenzas enténdense concedidas sen prexuízo de terceiro e salvo o dereito de propiedade.

SEXTO.- Será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

SÉTIMO.- No caso que sexa necesaria ocupación de vía pública para a realización das obras, solicitarase previamente autorización ao Concello de Silleda.

OITAVO.- Finalizadas as obras o interesado deberá realizar a comunicación previa de primeira ocupación de conformidade co disposto no artigo 146 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, debendo acompañarse da documentación que indica.

Expediente 85/2025. Contratacións. INICIO EXPEDIENTE DESBROCES

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a Memoria de necesidade e o informe de insuficiencia de medios no que se determina que é preciso iniciar novo expediente de contratación para levar a cabo a contratación do SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDAS. ANO 2025.

Vista a xustificación da non división en lotes.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o inicio do expediente de contratación do SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2025.

SEGUNDO.- Que por parte da Secretaría municipal se proceda a emitir informe xurídico preceptivo na aprobación do expediente de contratación, de conformidade co previsto no apartado 8 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

TERCEIRO.- Que por parte da Intervención deste Concello se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CUARTO.- Unha vez completado o expediente deberase someter a súa aprobación e dispoñer a apertura da licitación ao órgano de contratación, de conformidade co disposto no artigo 117da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Expediente 1516/2024. Contratacións. INICIO EXPEDIENTE XESTIÓN RED CALOR

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que o CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA A XESTIÓN DA REDE DE CALOR, SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE, SEGUIMIENTO, LABORES OPERATIVASE DE MANTEMENTO INTEGRAL DA REDE DE CALOR CON BIOMASA DE SILLEDA, asinado en data 28 de maio de 2019 finalizou (expdte 351/2018)

Vista a Memoria de necesidade na que se determina que é preciso iniciar novo expediente de contratación para tal fin.

Visto o informe de insuficiencia de medios.

Vista a xustificación da non división en lotes.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o inicio do expediente de contratación do servizo da xestión da rede de calor, subministro de combustible, seguimento, labores operativase de mantemento integral da rede de calor con biomasa de Silleda.

SEGUNDO.- Que por parte da Secretaría municipal se proceda a emitir informe xurídico preceptivo na aprobación do expediente de contratación, de conformidade co previsto no apartado

Concello de Silleda

8 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

TERCEIRO.- Que por parte da Intervención deste Concello se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CUARTO.- Unha vez completado o expediente deberase someter a súa aprobación e dispoñer a apertura da licitación ao órgano de contratación, de conformidade co disposto no artigo 117da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Expediente 1052/2024. Contratacións. ADXUDICACIÓN MANDUAS-REFOXOS

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o proxecto redactado por Don Román Gómez Fraiz, denominado: **MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN MANDUAS E REFOXOS (SILLEDÁ), CUN ORZAMENTO DE 349.717,35 EUROS (IVE INCLUÍDO)**

Visto o informe positivo de supervisión do proxecto **MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN MANDUAS E REFOXOS (SILLEDÁ)** que obra no expediente.

Vistas as autorizacións sectoriais preceptivas que xa constan no expediente.

Vista a acta de trazado previo de data 2 de abril de 2024.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local , que obra no expediente, na que se da inicio ó expediente de contratación e se aproba o proxecto, **MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN MANDUAS E REFOXOS (SILLEDÁ), CUN ORZAMENTO DE 349.717,35 EUROS (IVE INCLUÍDO)**, redactado polo enxeñeiro Don Román Gómez Fraiz.

Vistos os pregos que rexerán a contratación, no que se determina que o valor estimado do contrato de obra é inferior a 2 millóns de euros e existen criterios suxeitos a xuízo de valor inferior o procedemento máis axeitado para a presente licitación é o procedemento aberto.

Visto o informe de Secretaría que obra no expediente.

Visto o informe de Intervención que obra no expediente.

Visto que o 04 de outubro de 2024 a Xunta de Goberno Local aprobou o seguinte:

“PRIMEIRO. *Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para o contrato de obra* **MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN MANDUAS E REFOXOS (SILLEDÁ), CUN**

ORZAMENTO DE 349.717,35 EUROS (IVE INCLÚIDO)

SEGUNDO. Autorizar, pola contía de **349.717,35 € (IVE engadido)**, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, aprobándose o gasto que corresponda para 2024 con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para este exercicio.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de obra **“MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN MANDUAS E REFOXOS (SILLEDA)”**, por procedemento aberto.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación e os pregos de contratación no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.”

Vista a Acta final da Mesa de Contratación, de data 28 de xaneiro de 2025, na que se recolle o seguinte:

EXPEDIENTE: 1052/2024

ASUNTO: CONTRATO DE OBRAS DENOMINADO **“MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN MANDUAS E REFOXOS (SILLEDA)”**.

Na casa consistorial do Concello de Silleda, a 28 de xaneiro de 2025 cando son as 11:00 horas,

Tipo de contrato: Contrato de obras.

Forma de adxudicación: Procedemento aberto.

Obxecto do contrato: **“MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN MANDUAS E REFOXOS (SILLEDA)”**.

Membros asistentes:

PRESIDENTA

D. Paula M^a Fernández Pena, Alcaldesa, se abstén de calquera tipo de decisión no referente á licitación por formar parte do órgano de contratación.

VOCALIS

D. Déborah García Suárez, secretaria da Corporación

D. Leopoldo Moure Dopico, interventor da Corporación, asiste de maneira telemática.

D. Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL da Corporación

SECRETARIO

D. David García Lareo, administrativo da Corporación

Na sesión celebrada o 05 de novembro de 2024 a Mesa de contratación tras a apertura do **"SOBRE A"**, que contén a DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS e unha vez cualificada a documentación que as empresas aportan no **"SOBRE A"**, salvo erro, non se observaron defectos, polo que, por unanimidade dos seus membros se declararon ADMITIDAS á licitación as seguintes proposicións:

DENOMINACIÓN SOCIAL	CIF
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	B94181807
HORDESCON, S.L.	B32108334
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L	B36494185
VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA, S.L	B94106747

De acordo co recollido no Prego de Cláusulas Administrativas que rexen esta contratación, "no caso de que se establezan criterios non avaliábles en cifras ou porcentaxes, a Mesa de Contratación, neste mesmo acto, procederá á APERTURA DO **"SOBRE B"**: procedendo á avaliación da documentación correspondente aos criterios non cuantificables, entregándolla automaticamente ao órgano ou persoa técnica encargado da súa valoración para o que disporá dun prazo de SETE DÍAS NATURAIS".

Así, no mesmo acto procedeuse á apertura do **SOBRE B** que contiña a **"OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR"**.

Examinada a documentación aportada polas empresas no **SOBRE B**, a mesa de contratación, por unanimidade dos membros presentes, acordou remitir a mesma a Don Román Gómez Fraiz, enxeñeiro autor do proxecto, a fin de que sexa emitido informe coa valoración correspondente (Rexistros de saída efectuados o 05 de novembro de 2024, 2024-S-RE-1267 e 2024-S-RE-1268).

O 17 de decembro de 2024 mediante escrito con rexistro de entrada nº 2024-E-RE-2021, o Enxeñeiro de Camiños C e P., redactor do proxecto, Román Gómez Fraiz, da traslado do informe de valoración dos criterios avaliábles mediante xuízos de valor, que, tras o correspondente análise, recolle a seguinte relación de puntuacións:

"3. RELACIÓN DE PUNTUACIONES

En la tabla que sigue se muestra la valoración obtenida por los licitadores:

CRITERIOS VALORACIÓN	DE PUNTOS	LICITADORES				
		VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA, S.L.	ORESA CONSTRUCCIÓN SERVICIOS GLOBALES, S.L.	Y HORDESCÓN S.L.	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, SLU	
ANÁLISE PROXECTO E EXECUCIÓN OBRAS						
Relación de fontes de subministro de materiais, validación destas, no seu caso, e análise das necesidades de	6,00	1,50	3,00	6,00	6,00	

almacenamento e de
instalación auxiliares.
Debendo quedar
acreditado mediante
compromisos asinados
polas empresas
subministradoras, nos que
se cite o nome desta obra.

Análise correcta de
posibles afeccións ao
territorio, servizos
preexistentes ou persoas

Descrición técnica
adecuada dos traballos
para realizar

Disposición adecuada de
elementos auxiliares na
parcela ou bordo da
estrada (casetas de obra,
guindastres, contedores,
maquinaria, eta).

Circulación apropiada de
persoal e maquinaria pola
obra

TOTAL 25,00

5,00

1,25

5,00

5,00

5,00

5,00

1,25

3,75

3,75

5,00

4,00

0,00

4,00

0,00

4,00

5,00

0,00

3,75

2,50

5,00

25,00

4,00

19,50

17,25

25,00

ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL

Identificación das unidades
de obra e procesos
construtivos que poidan
xerar impactos, as medidas
a adoptar para a súa
eliminación, diminución ou
corrección, así como o
emprego de materiais con
certificados de explotación
sostibles, reciclados ou
reciclables

4,00

0,00

3,00

3,00

2,00

Organización física da obra

4,00

0,00

3,00

2,00

4,00

A avaliación e a xestión dos
residuos xerados durante a
execución da obra

5,00

0,00

3,75

5,00

5,00

Adecuación das medidas
de reciclaxe de residuos
sólidos e líquidos

3,00

0,00

2,25

3,00

3,00

Xustificación da
certificación ambiental dos
materiais a empregar

2,00

0,00

1,50

1,50

1,50

Descrición adecuada dos
vertedoiros e centros de
xestión de residuos

2,00

0,00

1,50

1,50

2,00

TOTAL 20,00

0,00

15,00

16,00

17,50

PUNTOS TOTALES	45,00	4,00	34,50	33,25	42,50
----------------	-------	------	-------	-------	-------

Asimismo y en los términos que establece el propio PCAP, la puntuación de cada uno de los criterios respecto de las memorias técnicas presentadas por los licitadores, guardan proporcionalidad con el valor económico que dichos puntos representan.

4. CONSIDERACIÓN FINAL

Esta es la valoración del Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos que suscribe, en su leal saber y entender, y que somete a cualquier otra mejor fundada en Ingeniería.

En Silleda, a 17 de diciembre de 2024

El Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos Autor del Informe”

Os membros da Mesa de Contratación a vista do informe técnico, por unanimidade, asume o seu contido íntegro dando a súa conformidade as valoracións que contén, quedando a puntuación total do contido do SOBRE B da seguinte maneira:

DENOMINACIÓN SOCIAL	Puntuación TOTAL SOBRE B
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	42,50
HORDESCON, S.L.	33,25
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L	34,50
VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA, S.L	04,00

A Mesa de Contratación, unha vez finalizado o acto de valoración do SOBRE B, acorda convocar a seguinte reunión o venres día 20 de decembro para proceder á apertura do SOBRE C.

O 20 de decembro de 2024, reunida a mesa de contratación coa asistencia de todos os membros, dase apertura ó SOBRE C que contén os criterios de valoración da proposición económica así como a documentación cuantificable de forma automática.

A valoración realizada pola mesa tras a apertura da documentación lévase a cabo o 09 de xaneiro de 2025 co seguinte resultado:

LICITADOR	PREZO (€)			FIRMES	MELLORAS SINALIZACIÓN E DEFENSA
	SIN IVE	IVE	TOTAL		
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. (B94181807)	259.918,02	54.582,78	314.500,80	SI	SI
HORDESCON, S.L. (B32108334)	284.311,53	59.705,42	344.016,96	NON	NON
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L (B36494185)	259.397,79	54.473,54	313.871,32	SI	SI

**VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA,
S.L.**
(B94106747)

275.438,54 57.842,09 333.280,63 SI NON

Segundo os pregos, a valoración da Mesa de contratación dos criterios cuantificables automaticamente das ofertas presentadas polos licitadores queda reflexada na seguinte tabla:

LICITADOR	PREZO	MELLORAS		PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE C
		FIRMES	SINALIZACIÓN E DEFENSA	
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. (B94181807)	29,57	20	5	54,57
HORDESCON, S.L. (B32108334)	4,79	0	0	4,79
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B36494185)	30,00	20	5	55,00
VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA, S.L. (B94106747)	13,82	20	0	33,82

Tendo en conta as puntuacións obtidas no **SOBRE B** e no **SOBRE C**, a Mesa de contratación establece as puntuacións finais da seguinte forma:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. (B94181807)	42,50	54,57	97,07
HORDESCON, S.L. (B32108334)	33,25	4,79	38,04
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B36494185)	34,50	55,00	89,50
VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA, S.L. (B94106747)	04,00	33,82	37,82

Polo exposto anteriormente, a mesa por unanimidade dos membros presentes, acordou, por un lado, clasificar por orde decrecente as ofertas presentadas segundo as puntuacións obtidas, obtendo o seguinte resultado:

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1º	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. (B94181807)	97,07
2º	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B36494185)	89,50
3º	HORDESCON, S.L. (B32108334)	38,04
4º	VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA, S.L.	37,82

(B94106747)

E por outro lado, requirir á licitadora a **CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.** con **N.I.F. B94181807**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación do contrato de obra **“MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN MANDUAS E REFOXOS (SILLEDA)”**, para que, dentro do prazo de **10 días hábiles**, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación que se relaciona na Cláusula 27 do PCAP, ó igual que a constitución da garantía definitiva que se recolle na Cláusula 21 e no punto 26 do Anexo I do mesmo prego.

O requirimento realízase o 10 de xaneiro de 2025 con rexistro de saída nº 2024-S-RE-26.

Con data 21 de xaneiro de 2025, con rexistro de entrada neste Concello nº 2025-E-RE-84, Dona Ana Isabel Taboada Ramos, en nome e representación de **CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.**, presenta correctamente a documentación requirida.

A Mesa de Contratación presta a súa conformidade coa documentación presentada e **PROPÓN Ó ÓRGANO DE CONTRATACIÓN COMO EMPRESA ADXUDICATARIA** do contrato de obra **“MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN MANDUAS E REFOXOS (SILLEDA)”** a **CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.**, por ser a oferta máis vantaxosa.

A presidenta da por rematada a reunión as 12:00 horas do 28 de xaneiro de 2025 e, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, e dou fe.

VºBº.

O Secretario
David García Lareo

A Presidenta
Paula Mª Fernández Pena”

Visto o informe da FASE D de Intervención asinado o 29 de xaneiro de 2025.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Adxudicar a **CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.** con **N.I.F. B94181807**, o contrato de obras denominado **“MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN MANDUAS E REFOXOS (SILLEDA)”**, por importe de 259.918,02 euros, ao que corresponde por IVE a contía de 54.582,78 euros, totalizándose a oferta en 314.500,80 euros, o ser a empresa que presentou a oferta economicamente mais vantaxosa, como constan nos antecedentes deste acordo.

Comprometéndose a executar as melloras recollidas no prego de cláusulas administrativas, relativas a:

MELLORA 1.- Firmes.

MELLORA 2.-Sinalización e defensa.

SEGUNDO.- Dispor o gasto por importe de 314.500,80 euros con cargo á aplicación 2025.4540.61900 do orzamento prorrogado para o exercicio 2025.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente administrativo, de conformidade co disposto no artigo 155 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017 e a **CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.**, adxudicataria do contrato, indicarlle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días.

CUARTO.- Publicar a formalización do contrato no Perfil do Contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Expediente 191/2024. COLONIA FELINA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a Lei 7/2023 de 28 de marzo, de protección dos dereitos e do benestar dos animais, que esta lleche a obriga dos concellos de xestionar as colonias felinas, o que implica a necesidade de identificar, esterilizar, vacinar e desparasitar aos animais que as integran.

Vista a necesidade de dar cumprimento á devandita Lei, faise preciso a creación de colonias felinas legalmente establecidas no Concello de Silleda para posteriormente poder realizar a xestión destas a través do método CER (captura, esterilización e retorno).

Visto que para a xestión das colonias felinas legalmente establecidas o Concello adheriuse ao Protocolo de Actuación de Colaboración Provincial da Deputación de Pontevedra para a Esterilización de gatos Comunitarios.

Visto que no termo municipal, na data de hoxe xa hai identificadas 9 colonias felinas.

Visto que a Sra. Raquel Fondevila Alén, a través dunha instancia xeral presentada no rexistro municipal o 12/12/2024, comunica a existencia dunha nova colonia felina localizada no termo municipal en:

1.- Na rúa Travesía de campo, entre Mecánica de Campo SL e o almacén de Arcolar.

Nesta ubicación estímase a existencia dun número de animais entre 15 e 20, que poderían ser obxecto do Plan de Xestión de Colonias Felinas do Concello de Silleda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Dar de alta esta nova colonia felina coa finalidade de que quede legalmente establecida no Concello de Silleda.

Concello de Silleda

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE